

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 18 DE XULLO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Dezaioito de Xullo do Dou mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 11/07/2024

2.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS - RODRIGO ÁLVAREZ ÁLAMO

SOLICITANTE: RODRIGO ÁLVAREZ ÁLAMO

DNI: ***254***

EMPRESA: SERVICIO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA "RODRIGO ÁLVAREZ ÁLAMO", (data de entrada no Viveiro de Empresas 16/10/2021)

Vista a solicitude presentada por Rodrigo Álvarez Álamo, que tivo entrada no Concello de Ribeira o 11/07/2024, con número de entrada 17.998, no que **SOLICITA:** "ESTANDO D. RODRIGO A. A. EN POSESIÓN DE LA CESIÓN DE UN DESPACHO EN EL VIVEIRO DE EMPRESAS DEL CONCELLO DE RIBEIRA SITUADO EN LUGAR DE ALDEA FAFIÁN NO29 DE RIBEIRA. QUE COMO FIGURA EN EL CONTRATO DE CESIÓN DISPOSICIÓN TERCERA: "A DURACIÓN DO PRESENTE CONTRATO DE CESIÓN ESTABLÉCESE POR UN PERÍODO DE 2 ANOS A CONTAR DESDE O DÍA 16/10/2021 [...] ESTE CONTRATO PODERÁ SER PRORROGADO TAL COMO ESTABLECE O ARTIGO 17 DO REGLAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO VIVEIRO DE EMPRESAS [...] POR UN ANO MAIS DE EXISTIR VACANTES."



QUE COMO FIGURA EN LA ORDENANZA REGULADORA DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE RIBEIRA EN EL TÍTULO II, ARTÍCULO 11, PUNTO 2: “NON OBSTANTE AO DISPOSTO NO APARTADO ANTERIOR, E CO FIN DE APOIAR AQUELAS EMPRESAS QUE NECESITEN ALGÚN TEMPO MÁIS PARA A CONSOLIDACIÓN DO SEU NEGOCIO [...], PODERÁ INCREMENTARSE ESTE PRAZO, ATA UN MÁXIMO DUN ANO MÁIS”
SOLICITA: LA PRÓRROGA DE DICHO CONTRATO DE CESIÓN EN VIRTUD DE LO ESTIPULADO EN EL CONTRATO EN BASE A LA NECESIDAD DE CONSOLIDACIÓN DEL NEGOCIO EN RIBEIRA”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de data do 17/08/2023 no que se acorda “Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira a Rodrigo Álvarez Álamo, por un prazo de 12 meses a contar dende o 16 de outubro de 2023. A cesión do espazo remataría o 15/10/2024.”

Visto o Informe da Técnico de desenvolvemento local do Concello de Ribeira de data 12/07/2024, no que informa que “**Primeiro.-** Que o artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.

2. Non obstante ao disposto no apartado anterior, e co fin de apoiar aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, excepcional e xustificadamente, poderá incrementarse este prazo, ata un máximo dun ano máis, previa solicitude e fundamentación do interesado. Esta será estudada polo órgano competente que será quen determine a necesidade de ampliación temporal da estancia no Viveiro, mediante resolución motivada. (...)”

Segundo.- Que a empresa de Rodrigo Álvarez Álamo vai a levar no Viveiro de empresas 3 anos e polo exposto no punto anterior poderíasele conceder outra prórroga dun ano máis para prestarlle o apoio necesario para a consolidación do seu negocio.

Terceiro.- Que neste momento hai despachos vacantes no Viveiro de Empresas.”

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo, Genoveva Betanzos Fernández, de data 15/07/2024.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira á empresa de Rodrigo Álvarez Álamo, por un prazo de 12 meses a contar dende o 16 de outubro de 2024. A cesión do espazo remataría o 15/10/2025.

3.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS - PATRICIA PORRÚA MONTERROSO

SOLICITANTE: PATRICIA PORRÚA MONTERROSO

DNI: ***390***

EMPRESA: CENTRO DE PSICOLOXÍA SANITARIA “PSICO - BALANCE” , (data de entrada no Viveiro de Empresas 01/09/2021)

Vista a solicitude presentada por Patricia Porrúa Monterroso, que tivo entrada no Concello de Ribeira o 30/04/2024, con número de entrada 10.748, no que solicita: “QUE DENDE O



1/9/21, O CENTRO DE PSICOLOXÍA SANITARIA PSICO-BALANCE, DIRIXIDO POR PATRICIA PORRUA MONTERROSO, OCUPA UN ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE RIBEIRA. PSICO-BALANCE CRECEU GRAZAS A ESTANCIA NO VIVEIRO. NESTE INTRE, SE PROCEDEU A COMPRA DUN BAIXO NO CENTRO DE RIBEIRA, QUE VAI PRECISAR UNHA REFORMA E A PETICIÓN DE MÁIS TEMPO NO VIVEIRO DO QUE ESTABA ESTABLECIDO NO INICIO (2 ANOS CON PRÓRROGA DUN 3º). EN AGOSTO REMATA O TEMPO DE CESIÓN, E TAL E COMO SE RECOLLE NO ARTIGO 11.2 DA ORDENANZA "...CO FIN DE APOIAR AQUELAS EMPRESAS QUE NECESITEN ALGÚN TEMPO MÁIS PARA A CONSOLIDACIÓN DO SEU NEGOCIO, EXCEPCIONAL E XUSTIFICADAMENTE, PODERÁ INCREMENTARSE ESTE PRAZO, ATA UN MÁXIMO DUN ANO MÁIS, PREVIA SOLICITUDE E FUNDAMENTACIÓN DO INTERESADO...".

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de data do 17/08/2023 no que se acorda "Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira a Patricia Porrúa Monterroso, por un prazo de 12 meses a contar dende o 1 de setembro de 2023. A cesión do espazo rematará o 31/08/2024."

Visto o Informe da Técnico de desenvolvemento local do Concello de Ribeira de data 11/07/2024, no que informa que "**Primeiro.-** Que o artigo 11.- "Duración do contrato", da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Ribeira, recolle que: "1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.

2. Non obstante ao disposto no apartado anterior, e co fin de apoiar aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, excepcional e xustificadamente, poderá incrementarse este prazo, ata un máximo dun ano máis, previa solicitude e fundamentación do interesado. Esta será estudada polo órgano competente que será quen determine a necesidade de ampliación temporal da estancia no Viveiro, mediante resolución motivada. (...)"

Segundo.- Que a empresa "PSICO - BALANCE" de Patricia Porrúa Monterroso leva no Viveiro de empresas 3 anos e polo exposto no punto anterior poderíase conceder outra prórroga dun ano máis para prestarlle o apoio necesario para a consolidación do seu negocio.

Terceiro.- Que neste momento hai despachos vacantes no Viveiro de Empresas."

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo, Genoveva Betanzos Fernández, de data 11/07/2024.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Ribeira á empresa "PSICO - BALANCE" de Patricia Porrúa Monterroso, por un prazo de 12 meses a contar dende o 1 de setembro de 2024. A cesión do espazo rematará o 31/08/2025.

4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jasmin González Gutiérrez

Visto o escrito presentado por **Jasmin González Gutiérrez**, de data 05/06/2024 (Registro de entrada nº 14.269), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), os días 18 a 25/07/2024, na Praza de Pontevedra (Ribeira), co motivo



da celebración da Festa da Dorna; así como os días 01 a 05/08/2024, na Praza de Pontevedra (Ribeira), co motivo da celebración das Festas de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Jasmin González Gutiérrez** para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), os días 18 a 25/07/2024, na Praza de Pontevedra (Ribeira), co motivo da celebración da Festa da Dorna; así como os días 01 a 05/08/2024, na Praza de Pontevedra (Ribeira), co motivo da celebración das Festas de Ribeira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Seck Dipo Elmasi Ndongo

Visto o escrito presentado por **Seck Diop Elmasi Ndongo**, de data 12/07/2024 (Registro de entrada nº 18.187), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante, os días 19 a 24/07/2024, na Avenida do Malecón (Ribeira), co motivo da celebración da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Non autorizar** a **Seck Diop Elmasi Ndongo** para a instalación dun posto de venda ambulante, os días 19 a 24/07/2024, na Avenida do Malecón (Ribeira), debido a que esa zona pertence ao dominio público de Portos de Galicia.
- Como alternativa se lle autoriza a instalar noutra ubicación pero deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – José Pedro Pinsag Isama

Visto o escrito presentado por **José Pedro Pinsag Isama**, de data 12/07/2024 (Registro de entrada nº 18.081), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Xoguetes e bisutería), os días da celebración da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- a) **Autorizar** a **José Pedro Pinsag Isama** para a instalación dun posto de venda ambulante (Xoguetes e bisutería), os días da celebración da Festa da Dorna.
- b) **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Zoila Cahuasqui Anrango

Visto o escrito presentado por **Zoila Cahuasqui Anrango**, de data 12/07/2024 (Registro de entrada nº 18.082), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Bisutería e complementos), os días da celebración da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a **Zoila Cahuasqui Anrango** para a instalación dun posto de venda ambulante (Bisutería e complementos), os días da celebración da Festa da Dorna.
- b) **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11517 07.05.2024 ASESORIA BENY GARCÍA, S.L. (COMUNIDAD DE PROPIETARIOS M. RODRÍGUEZ BAUTISTA, 46), mantemento de fachada e voladizo, na rúa Miguel Rodríguez Bautista, 46, Ribeira.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:



10943 02.05.2024 FABIO DEL ALISAL SÁNCHEZ, cambio de baldosas do chan e pintura interior, na rúa Numancia, 47, Palmeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12343 15.05.2024 ANTONIO M. SANTIAGO FERNÁNDEZ, pintado de fachadas, na rúa Manzanares, 81, Ribeira.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10700 30.04.2024 BERNARDINO MUÑÍZ MARTÍNEZ, construción de un cobertizo de bloques, na rúa Vella, nº 10, Aguiño.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11915 10.05.2024 C.P. EDIF. BARREIRA 24, rehabilitación de fachada e cuberta, na rúa Barreira, 24, Ribeira.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

18988 17.08.2023 C.P. RÚA DE GALICIA 121, rehabilitación de fachadas e cuberta, na rúa de Galicia, 121, Ribeira.



14.- LICENZA MUNICIPAL CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR composta PLANTA BAIXA. LUGAR: LUGAR DE BOUZA DA IGREXA, OLVEIRA, RIBEIRA. PROMOTOR: JOSÉ ANDRÉS LUSTRES MIRANDA

VISTA a solicitude de e **licencia urbanística** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE PLANTA, NO LUGAR DE BOUZA DA IGREXA,OLVEIRA (RIBEIRA)**, da que é promotor **D. José Andrés Lustres Miranda**.

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **19 de xuño de 2024**.

VISTO o **acta e plano de cesión** así como **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **26 de xuño de 2024** en relación á superficie de **216,10 m² de cesión** a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, contemplando unha **fianza** para responder polos servizos urbanísticos a completar de **440,53 €**.

VISTO o **contrato de cesión** asinado o día **3 de xullo de 2024** por D. José Andrés Lustres Miranda, polo que cede a dominio a uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **216,10 m²** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **5 de xullo de 2024**,

VISTO o **informe** emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **8 de xullo de 2024**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D.José Andrés Lustres Miranda **LICENZA DE OBRAS (nº 27/24)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar da Bouza da Igrexa, Olveira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A902019520000UD, nos termos do Proxecto Básico asinado dixitalmente o día 5 de novembro de 2023 redactado polo Sr. Raúl Ares Fuertes, (arquitecto col. nº 3.051

*-Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.*

*-En relación á superficie **cedida a dominio e uso público afectada por aliñeacións de 216,10 m²**, deberá de completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñeacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira **municipal unha fianza de 440,53 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza***

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo*



visado colexial.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóviles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*



- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederá con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241363402
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 19/07/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/07/2024 12:56:02		Fecha: 19/07/2024 Hora: 12:55



OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

15.- ACORDO EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, EXP 2022/DISU00009

En relación co expediente de reposición da legalidade urbanística (EXP 2022/DISU 00009), sobre execución de obras sen o preceptivo título habilitante municipal no lugar de Salmón, Pol. 938, Parcela 1.379, Ribeira, da que é promotora Dna. Rosa Martínez Paz e denunciante D. Juan Cadaval Sampedro,

De acordo cos antecedentes obrantes no expediente de referencia,e

VISTO o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día 12 de xullo de 2024

VISTAS as dúas comunicacións previas de obras menores a nome de D. Manuel Santos Martínez, ambas con informe favorable dos técnicos municipais, cos seguintes códigos de expediente 2017/COMU000368 e 2022/COMU000403A.

VISTO o informe favorable emitido polo técnico de administración xeral adscrito ó Servizo de Urbanismo de data 16 de xullo de 2024.

VISTO o informe favorable emitido polo secretario xeral da Corporación de data 16 de xullo de 2024.



CONSIDERANDO os artigos 381 e 382 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Declarar que as obras e actuacións realizadas por Dna. Rosa Martínez Paz, na finca con refª catastral nº 15074A938013790000UI sita no lugar de Salmón nº 45, Oleiros, realizáronse co título habilitante municipal das comunicacións previas 2017/COMU000368 e 2022/COMU000403A por seren compatibles co ordenamento urbanístico.

SEGUNDO.- Dispoñer o levantamento da paralización e proceder ao arquivo do expediente de reposición da legalidade urbanística EXP 2022/DISU00009.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás partes interesadas entendo como tal a D. Juan Cadaval Sampedro e a Dna. Rosa Martínez Paz.

16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - José Ramón Pérez Sampedro

Visto o escrito presentado por **José Ramón Pérez Sampedro**, de data 08/07/2024 (Registro de entrada nº 17.683), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A018001050000KZ e sita no Lugar de Martín nº 0044 - F, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/07/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A018001050000KZ e sita no Lugar de Martín nº 0044 - F, Ribeira.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

24546 20.10.2023 JOSÉ RAMÓN PARADA GUINALDO, primeira ocupación de ampliación e cambio de uso de vivenda unifamiliar, no lugar de Castro, s/nº, Ribeira.



18.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS (XX ANDAINA POPULAR CONCELLO DE RIBEIRA – ANDAINA 50K CONCELLO DE RIBEIRA).

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xavier Vidal Peón, de data 16/07/2024, relativa á aprobación de prezos públicos para a participación na “Andaina 50K Concello de Ribeira” o 07/09/2024.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polos departamentos de Intervención e Tesourería.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación dos seguintes **prezos públicos**:

Participantes	Ingreso por participante
150	16,00 €
150	18,00 €

2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organice a actividade. O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

19.- ARRENDAMENTO DE BEN INMOBLE SITO EN DEÁN PEQUENO E PROPIEDAD DA COMUNIDADE DE HERDEIROS DE JOSÉ ABELLEIRA MARIÑO E MARÍA OUJO MARTÍNEZ PARA O SEU USO COMO APARCADOIRO MUNICIPAL. EXPEDIENTE 2024 PATR000007

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Por Providencia da Alcaldía de data 29/02/2024, resolveuse iniciar o procedemento para o arrendamento do inmovible coa referencia catastral 0425758NH0102N0000KU sito no lugar de Deán Pequeno, da parroquia e municipio de Ribeira.
2. Na data 10/05/2024 emítese informe de valoración polo arquitecto municipal.
3. Na data 05/07/2024 emítese, polo Sr. Alcalde, memoria xustificativa do seu arrendamento directo.
4. Na data 08/07/2024 emítese pola que subscribe este informe-proposta de resolución, un informe xurídico sobre o arrendo en cuestión.
5. Na data 09/07/2024, o interventor municipal emite informe de fiscalización favorable no que fai constar a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 133.20200, e que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente é 2.421.534,90 euros.
6. Así mesmo, consta no expediente a seguinte documentación:



- Certificación catastral descritiva e gráfica do inmovible obxecto deste expediente.
- Escritura de propiedade.
- CIF da Comunidade Hereditaria propietaria do inmovible e DNI da súa representante.
- Oferta de aluguer presentada pola propiedade na data 01/07/2024 (número rexistro de entrada 16.964).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 08 de abril.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto 1373/2009 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoebles, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial.

Así, a lexislación patrimonial á que deberemos remitirnos será o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que no seu artigo 92 sinala que: *“1. O arrendamento e calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das Entidades Locais rexérase, en todo caso, en canto á súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora de contratación das Entidades Locais. Será necesaria a realización de poxa sempre que a duración da cesión fora superior a cinco anos ou o prezo estipulado exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto. 2. En todo caso, o usuario deberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens.”*

A estes efectos, o artigo 124 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas dispón que os arrendamentos concertaranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado na apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, agás que de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben, se considera necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

Continúa dicindo o citado artigo que as propostas de arrendamento, así como as de novación e prórroga, serán sometidas a informe técnico, que recollerá o correspondente estudo de mercado, e da Avogacía do Estado ou do órgano ó que corresponda o asesoramento xurídico das entidades vinculadas á Administración Xeral do Estado. No caso



de arrendamentos a concertar pola Administración Xeral do Estado, a solicitude do Ministerio virá acompañada da oferta do arrendador e do informe técnico previsto no apartado anterior. A formalización dos contratos de arrendamento da Administración Xeral do Estado e as súas modificacións efectuarase polo Director Xeral do Patrimonio do Estado ou funcionario en quen delegue. Non obstante, o Ministerio de Facenda, ó acordar o arrendamento, ou a súa novación, poderá encomendar a formalización destes contratos ós subsecretarios dos departamentos ministeriais.

Cítase así mesmo, o artigo 27.1 do Real Decreto 1373/2009 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas, referido á documentación e procedemento para a adquisición directa de inmobles e dereitos sobre os mesmos, que tamén podería aplicarse ó arrendamento directo de inmobles:

"1. No procedemento de adquisición directa de bens inmobles e dereitos sobre os mesmos, deberá aportarse ó expediente a memoria prevista no artigo 116 da Lei, na que se xustificarán debidamente as causas polas que se acode a dito procedemento de conformidade co previsto no citado artigo. Á memoria unirase a seguinte documentación:

- a) A relativa á personalidade de quen ofrece o inmovible ou dereito cuxa adquisición interesa, e do seu representante no seu caso. Si se tratara dunha Administración Pública, aportarase a documentación que acredite a súa oferta, así como o cumprimento da normativa correspondente.*
- b) A identificativa do inmovible ou dereito, tanto técnica, como xurídica, e a xustificativa da súa titularidade, incluíndo no seu caso certificación catastral e rexistral.*
- c) Certificado de existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente, así como a correspondente aprobación do gasto e fiscalización, ou documentación contable correspondente.*
- d) A oferta de venda con expresión do prezo, do prazo de duración da oferta e das condicións do contrato."*

SEGUNDA.- No referente á competencia para acordar o arrendamento, estase ao referido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, que dispón que nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados. Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor. O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

TERCEIRA.- No caso que nos ocupa, trátase do arrendamento dun inmovible cuxa análise dos diferentes aspectos a ter en conta realízanse a continuación:

a) Situación de regularidade do inmovible:

- **Descrición:** FINCA URBANA, segundo Catastro, sita en Deán Pequeno 13, parroquia e municipio de Ribeira, de 430 metros cadrados, que linda: Norte,

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014CDCA00D3D6D3Z6W4L5 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 19/07/2024</p> <p>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/07/2024</p> <p>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/07/2024 12:56:02</p>	<p>DOCUMENTO: 20241363402</p> <p>Fecha: 19/07/2024</p> <p>Hora: 12:55</p>
---	---	---



camiño; Sur, parcela catastral 59; Este, Rúa Deán Pequeno; e Oeste, parcela catastral 18.

- **Titulares:** Comunidade de Herdeiros de José Abelleira Mariño e María Oujo Martínez, con CIF número E15859341 e con domicilio social en Rúa Agustín Fernández Oujo, número 15, do municipio de Ribeira.
- **Título:** Acta de protocolización de operacións particionais aprobadas xudicialmente, autorizada polo Notario que foi de Ribeira, D. Jaime Romero Costas, na data 20/07/2000, co número 1.583 de protocolo.
- **Referencia catastral:** 0425758NH0102N0000KU.
- **Inscripción:** Non consta.
- **Clasificación do solo:** Solo Urbano.
- **Cargas:** Non constan

Á vista do exposto, **resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas, constando así mesmo a regularización do inmovible cuxo arrendamento se pretende.**

b) Actuacións formais:

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder ao arrendamento do ben inmovible, **consta no expediente informe de taxación emitido polo arquitecto municipal na data 10/05/2024.**

Neste informe dispónse que esta parcela ten o valor aproximado de 18.060,00 euros.

Compre dicir que, en canto ao prezo do contrato e ante a falla de regulación expresa de este tipo de negocio xurídico, poderíase acudir, por analogía, ao artigo 92.2 do RB, que dispón: “En todo caso, o usuario haberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens”. Neste caso, aplicando o criterio recollido no citado artigo en sentido inverso, en tendo en conta que o canon ao que se refire, ao non especificar nada, enténdese que é anual, o valor do arrendamento resultaría o referido a continuación, no que **se pode apreciar que o prezo polo que as propietarias do inmovible ofertan o arrendamento do mesmo (2.209,88 euros con IVE incluído ó ano), está por riba do valor anual en aplicación do artigo 92.1 do RB:**

Valor total	Valor anual	Valor mensual
18.060,00 euros	1.083,6 euros	90,3 euros/ mes

Non obstante, e como xa se expuxo, pódese acudir á norma citada por analogía, co obxecto de ter unha estimación de cal é o prezo obxectivo e non abusivo do contrato, sen que a citada norma se considere vinculante a efectos de fixación do prezo do contrato.

A especial idoneidade do inmovible resulta acreditada na memoria xustificativa asinada polo Sr. Alcalde na data 05/07/2024 na que se dispón o seguinte: “Este Concello precisa dispoñer do inmovible que nos ocupa para o seu uso como aparcadoiro público ao aire libre, debido á falla de espazo destinado a este fin que ten o lugar de Deán Grande, en concreto, a zona na que se atopa o inmovible destinado ós servizos sociais municipais, cuxos usuarios atopan serias dificultades de aparcamento. A propiedade do inmovible, a través da súa representante, D^a M^a Araceli Abelleira Landeira, ofertan o arrendamento do inmovible por importe de 2.209,88 euros ó ano co IVE incluído. En relación ó devandito inmovible parece legalmente admisible e perfectamente razoable, dadas as circunstancias concorrentes, o



arrendamento directo do mesmo dada a súa necesidade, peculiaridades e as circunstancias concorrentes seguintes:

- *Falta de inmobles de propiedade municipal con capacidade suficiente para o seu destino como aparcadoiro municipal.*
- *Características do inmovible: O inmovible conta cunha superficie aproximada de 430 metros cadrados e está situado xusto enfronte do edificio no que se atopan os servizos sociais do Concello de Ribeira, circunstancia fundamental xa que precisamente o que se pretende é dispoñer de terreo para que os/as usuarios deste servizos teñan un lugar onde aparcar cando precisan acudir ós mesmos.*

Por outra banda, a parcela en cuestión conta cos dous accesos rodados: un, polo seu vento Este, a traveso da Rúa de Deán Pequeno, e outro polo seu vento Norte, a traveso dun camiño, o que facilita a entrada e saída dos vehículos; resultando tanto a súa propia xeometría e a localización idóneas para o fin que se persegue.

Xunto ó referido é preciso sinalar que non existen pola zona que nos interesa outro inmovible con estas características, polo que non é posible a concorrencia na licitación e sendo a adxudicación directa o único procedemento viable para o seu arrendamento."

c) Acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente.

En informe emitido na data 09/07/2024, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para o arrendamento que se pretende.

d) Posibilidade de concertar o arrendo directo.

De conformidade co artigo 124 da Lei 33/2003 antes citado, pode concertarse o arrendo de modo directo, ao xustificarse a especial idoneidade do inmovible.

e) Órgano competente.

De conformidade co informe de Intervención en relación á porcentaxe do 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto, e tendo en conta o prezo total do contrato co importe acumulado das catro anualidades (8.839,52 euros co IVE incluído), o órgano competente para acordar a presente contratación é o Alcalde, xa que a contía do contrato non supera a porcentaxe indicada, estando delegada esta competencia na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación polo órgano competente.

Por elo, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 16/07/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Arrendar o inmovible descrito na consideración xurídica terceira apartado a), propiedade da Comunidade de Herdeiros de José Abelleira Mariño e María Oujo Martínez, polo prezo de 2.209,88 euros anuais con IVE incluído, e con suxeición ás seguintes cláusulas:

1ª OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é o arrendamento do inmovible descrito a continuación, para o seu uso como aparcadoiro municipal:



- Descrición: FINCA URBANA, segundo Catastro, sita en Deán Pequeno 13, parroquia e municipio de Ribeira, de 430 metros cadrados, que linda: Norte, camiño; Sur, parcela catastral 59; Este, Rúa Deán Pequeno; e Oeste, parcela catastral 18.
- Titulares: Comunidade de Herdeiros de José Abelleira Mariño e María Oujo Martínez, con CIF número E15859341 e con domicilio social en Rúa Agustín Fernández Oujo, número 15, do municipio de Ribeira.
- Título: Acta de protocolización de operacións particionais aprobadas xudicialmente, autorizada polo Notario que foi de Ribeira, D. Jaime Romero Costas, na data 20/07/2000, co número 1.583 de protocolo.
- Referencia catastral: 0425758NH0102N0000KU.
- Inscrición: Non consta.
- Clasificación do solo: Solo Urbano.
- Cargas: Non constan

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, a teor do disposto no artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En todo o non previsto nas cláusulas do contrato, este rexerese, en canto á súa preparación e adxudicación, con carácter preferente, pola lexislación patrimonial contida no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, na Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e, en canto ós seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado.

2ª NECESIDADE ADMINISTRATIVA A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO.

A necesidade que pretende cubrirse co contrato ven determinada nos informes que forman parte do expediente administrativo, isto é, carencia de espazo público na zona na que se localiza o inmovible para o seu destino como aparcadoiro, polo que o arrendamento ten como fin destinalo referido inmovible a aparcadoiro municipal.

3ª PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO E FORMALIZACIÓN DO MESMO.

A duración do contrato é de 4 anos, prazo que empezará a contar desde o 01 de agosto de 2024.

Formularase en documento administrativo. O arrendador poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Non caberá prórroga, nin expresa nin tácita, do referido contrato.

4ª PREZO DO CONTRATO.

O prezo do presente contrato privado de arrendamento é de 2.209,88 euros anuais con IVE incluído (1.826,35 euros do principal + 383,53 euros de IVE), que se abonará á propiedade a trimestre vencido, mediante transferencia bancaria á conta bancaria designada pola propiedade.

Requirirá a previa presentación de factura, así como os informes dos Servizos Técnicos e Administrativos que correspondan, entre os días 1 e 5 do trimestre seguinte ao que corresponda.

Na súa factura electrónica deberá indicar os seguintes campos:

Oficina contable: L01150737



Órgano xestor: L01150737

Unidade tramitadora: L01150737

Referencia do contrato: (*) 2024/PATRO00007

(*) No programa de Facturación Electrónica subministrado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Factura e) este campo denomínase "Ref. Receptor" e encóntrase dentro do apartado "Datos de Pago"

5ª DEREITOS E OBRIGAS.

5.1. Do/a arrendador/a.

O/A arrendador/a ten dereito a percibir o importe do arrendamento do inmovible.

O/A arrendador/a terá a obriga de manter a vixencia do contrato polo prazo estipulado de 4 anos, a contar desde o día 01 de agosto de 2024, sen que poida, pola súa única vontade e sen causa legal xustificada, proceder á rescisión do contrato con anterioridade ó referido prazo.

O/A arrendador/a terá, ademais, as obrigas dispostas no artigo 1.554 do Código Civil.

5.2. Do/a arrendatario/a.

O Concello, como arrendatario, utilizará o inmovible, única e exclusivamente, para destinalo ao uso público de aparcadoiro municipal de vehículos, mantendo o inmovible en perfectas condicións.

O arrendatario asumirá a realización e o custo da adaptación do inmovible para o uso ó que se destina.

O arrendatario non poderá subarrendar, total nin parcialmente a finca nin ceder o contrato, sen expreso consentimento por escrito da parte arrendadora. Aínda en tales casos, o arrendatario será responsable do cumprimento das presentes condicións polo subarrendatario, incluso do pago do prezo do contrato.

O arrendatario terá, ademais, as obrigas dispostas no artigo 1.555 do Código Civil

6ª MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

O contrato poderá modificarse por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido no artigo 203 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

7ª RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

As causas de resolución serán as previstas no Dereito Privado.

Ó realizarse por tempo determinado (4 anos a contar desde a data do 01 de agosto de 2024), o arrendamento conclúe o día do cumprimento do prazo dos 4 anos, e dicir, o día 31 de xullo de 2.028, sen necesidade de requirimento nin comunicación previa.

Non obstante, si aparecera un/unha comprador/a da finca obxecto deste arrendamento, a parte arrendadora podería resolver o contrato previa comunicación á parte arrendataria que deberá producirse cunha antelación de dous meses antes da rescisión do contrato.

A extinción por transcurso do termo convido do arrendamento do inmovible non dará lugar a indemnización.

8ª XURISDICCIÓN



A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será competente para coñecer as cuestións derivadas da preparación e adxudicación do contrato.

A orde xurisdiccional civil será competente para coñecer as cuestións derivadas dos efectos e extinción do contrato.

SEGUNDO.- Anotar o arrendo no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

TERCEIRO.- Atender ao cumprimento do contrato de arrendamento con cargo á aplicación orzamentaria 133.20200 do orzamento municipal vixente.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente.

QUINTO.- Notificar o presente acordo ás interesadas.

20.- AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN FESTA DA FESTA DO PERCEBE DE AGUIÑO

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Turismo Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías e Comercio, Francisco Suárez-Puerta Colomer, na que expón:

“A Festa do Percebe de Aguiño vense celebrando desde o ano 1.997 e foi declarada no ano 2022 como festa de interese turístico de Galicia (DOG Nº 108, 7 xuño de 2022). Nace co obxectivo de poñer en valor este crustáceo e o traballo dos mariscadores á vez que se dinamiza e impulsa a economía local e o turismo.

Esta cita gastronómica ten unha grande repercusión na comarca, na comunidade autónoma e mesmo no territorio nacional. Funciona como elemento de atracción de visitantes que proveñen doutros lugares e serve para promocionar os recursos do municipio.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. Autorizar a **celebración da “Festa do Percebe na parroquia de Aguiño” o domingo día 28 de xullo de 2024 a partir das 12.00 horas**. Evento organizado pola Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño en colaboración co Concello de Ribeira.
2. Que se tramite a solicitude de ocupación de zona portuaria **no seu nome como entidade organizadora (Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño) ante Portos de Galicia, a ocupación temporal de aproximadamente 1.000 m2 no porto de Aguiño, e sen perxuízo de repercutir as taxas que puideran derivarse desta ocupación á entidade organizadora (Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño).**

- **Dar traslado deste acordo á Policía Local e a Protección Civil .**

21.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS – Axenda 2030

VISTA a proposta presentada polo Alcalde do Concello de Ribeira, Luis A. Pérez Barral, de data 16/07/2024, relativa á convocatoria subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE nº 149, de data xoves 20/06/2024), para o



proxecto do Plan de fomento da mobilidade peonil e ciclista no Concello de Ribeira denominado: "Rodadeira".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar a axuda para o financiamento de actuacións destinadas a accións para o impulso da axenda 2030 nas Entidades Locais e para para o proxecto do Plan de fomento da mobilidade peonil e ciclista no Concello de Ribeira denominado: "Rodadeira".

2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luis A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.

3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.

4.- Autorizar á Administración competente a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.- Comprometerse a remitir na data correspondente a xustificación da realización dos proxectos e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

O Concello acepta expresamente as condicións de financiación e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras desta subvención.

22.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO. LIÑA DE DEPORTES 2023

Vista a **proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xavier Vidal Peón**, de data 16/07/2024, relativa á xustificación das subvencións e paragonamento aos beneficiarios das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro. Liña de Deportes 2023.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 16/07/2024.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Se proceda ao libramento das cantidades aprobadas aos clubs participantes nesta convocatoria, por ter realizada a xustificación total, conforme a seguinte relación:

Nº	CLUB DEPORTIVO	CIF	SUBVENCIÓN 2023
1.	CIDADE DE RIBEIRA CLUB DE FÚTBOL	G15257876	20.000,00
2.	CLUB DEPORTIVO NATURAL SPORT VIDELGI RIVEIRA	G15571136	15.000,00
3.	CLUBE DE REMO NÁUTICO RIVEIRA	G70378047	15.000,00
4.	S.D. XUVENTÚ AGUIÑO	G15385768	15.000,00
5.	CLUB ATLETICO OLEIROS	G15118730	10.104,33
6.	CARREIRA C. F.	G15356488	9.012,19



7.	CLUB NATACIÓN RIVEIRA	G15446586	8.891,98
8.	CLUB NAUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA	G15033152	8.110,31
9.	CLUB VOLEIBOL RIVEIRA	G15506868	7.152,01
10.	ESCUELA BOXEO EL CANARIO	G70369921	6.592,18
11.	CLUB KEMPO BARBANZA	G70292727	6.042,59
12.	CLUB PATINAXE RIVEIRA	G15822976	5.871,50
13.	CLUB PADEL RIVEIRA	G70465422	5.250,58
14.	SANTA UXÍA ATLETISMO	G70146816	3.166,61
15.	CLUB DEPORTIVO AS MIÑOTEIRAS	G15788524	2.800,00
16.	CLUB KENPO KARATE RIVEIRA	G15775208	2.212,40
17.	CLUB PALMEIRA	G70011291	2.109,85
18.	CLUB BALONCESTO RIVEIRA	G15150535	1.937,85
19.	CLUB BALONCESTO BARBANZA	G70562319	1.200,00
20.	CLUB BALONCESTO ANPA O GRUPO	G70469218	836,23
21.	CLUBE DE WINDSURF CATRO VENTOS	G70475645	604,44

*No caso de ser aprobada esta proposta, o libramento da cantidade que lle corresponde ao **CARREIRA C.F.**, queda supeditado a que este club entregue a documentación requirida.

Se proceda ao libramento das seguintes cantidades, aos clubs que realizaron unha xustificación parcial da mesma, aplicándolle a redución correspondente:

Nº	CLUB DEPORTIVO		SUBVENCIÓN 2023
1.	CLUB DEPORTIVO ARTES	G15110794	2.129,41
2.	CLUB PATINAXE ARTISTICO CIDADE DE RIBEIRA	G72852577	522,98

As bases que regulan estas subvencións, no punto 6, establecen:

“As cantidades destinadas a cada club veñen, entre outras condicións, en función dos gastos voluntariamente relacionados por eles nos puntos 5,8,9,10,11, do apartado 6, polo que si a xustificación non se axusta a estes gastos se producirán as seguintes penalizacións:

- *Ata un 15% de desvío na xustificación, a subvención reducirase proporcionalmente.*
- *Máis dun 15% de desvío na xustificación, a subvención reducirase proporcionalmente neste exercicio e terá unha redución do 25% na subvención do exercicio seguinte.”*

O **Club Deportivo Artes** ten unha desviación na xustificación menor do 15% (12,04 %), o que segundo as bases do procedemento, non supón penalización algunha no exercicio seguinte.

O **Club Patinaxe Artístico Cidade de Ribeira** ten unha desviación na xustificación de máis do 15% (23,53%), o que segundo as bases do procedemento, supón unha redución do 25% na subvención do exercicio seguinte.



23.- AUTORIZACIÓN II BANDEIRA BARBANZA AROUSA DE TRAIÑAS Á ASOCIACIÓN DE CLUBS DE TRAIÑAS "ACT"

LOGO DE VER que D. Borja Rodrigo Gil, en representación da Asociación de clubs de traíñas "ACT", presenta escrito de data 12-07-2024, con número de rexistro de entrada municipal 18.223, solicitando autorización para realizar a II Bandeira de Traiñas Barbanza-Arousa , o 20 de xullo de 2024 no porto de Aguiño. Tamén solicita:

- O acceso de vehículos a certas zonas do porto de Aguiño, para o montaxe de instalacións (xunta plano de ubicacións).
- 6 contenedores de basura adicionais para a zona lúdica o 20 de xullo.
- Reforzo da limpeza nas zonas afectadas antes da regata.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*"
2. Segundo a *lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*; no seu título II *Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte*, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
"Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal".
3. As zonas marcadas no mapa que xunta o organizador, son competencia de outros organismos (Portos de Galicia e Demarcación de Costas).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 16-07-24 favorable á mesma, así como a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 16/07/2024, con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a celebración da II Bandeira de Traiñas Barbanza-Arousa á Asociación de Clubs de Traiñas "ACT" cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **20 de xullo de 2024** dende as 12.00 h. ata as 21.00 h...
- **A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.**
- O Concello de Ribeira, non é competente para autorizar a ocupación das zonas marcadas polo organizador no mapa que xunta coa solicitude.
- Dar traslado á empresa municipal de limpeza para que reforce os seus servizos na zona o día da proba así como a colocación 6 contenedores adicionais.
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241363402
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 19/07/2024		Fecha: 19/07/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/07/2024		Hora: 12:55
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/07/2024 12:56:02		



24.- AUTORIZACIÓN REGATA DE WINDSURF AO CLUB CATRO VENTOS

LOGO DE VER que D. Juan Parada Fernández, en representación do “Club Catro Ventos”, presenta escrito de data 09-06-2024. con número de rexistro de entrada municipal 14.658, solicitando autorización para realizar unha regata de windsurf (IV REGATA POPULAR CATROVENTOS), o 10 de agosto de 2024, na praia do Castro, na parroquia de Castiñeiras.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
- Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
- O interesado argumenta que ten solicitados os permisos pertinentes a Capitanía marítima, Portos de Galicia, Autoridade Portuaria de Vilagarcía e a Demarcación de Costas de Coruña.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 15-07-24 favorable á mesma, así como a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 16/07/2024, con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a celebración da “IV Regata Popular Catroventos” –ao Club de Windsurf Catro Ventos cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **10 de agosto de 2024** ao longo de toda a xornada.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Dar traslado á policía local, da reserva do aparcamento da praia do Castro o día do evento entre as 9.00 h. e as 18.00 h., previa autorización do órgano competente (Demarcación de Costas).
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).



25.- CESIÓN PAVILLÓN ALCALDE TORRES COLOMER DE PALMEIRA Á “ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA COMISIÓN FESTAS AMIGOS DE PALMEIRA”, PARA A CELEBRACIÓN DE TORNEOS DE FÚTBOL PARA NENOS E ADULTOS

LOGO DE VER que D. Amador Eiras Lojo, en representación da “Asociación Cultural Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira”, presenta escrito de data 22-04-24, con número de rexistro de entrada municipal 9.960, solicitando o uso do pavillón Alcalde Torres Colomer de Palmeira, o sábado 10 de agosto, para a celebración dun torneo de fútbol para nenos e adultos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte: “Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. Nos días e horarios mencionados anteriormente, non temos actividades programadas na instalación solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 15-07-24 favorable á mesma, así como a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 15/07/2024, con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a cesión das instalacións do polideportivo Alcalde Torres Colomer de Palmeira á “Asociación Cultural Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira” , para a celebración dun torneo de fútbol para nenos e adultos, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “*Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais*”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o sábado **10 de agosto ao longo de toda a xornada**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).



- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

26.- AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN VERDEGAIA, PARA Pernoctar OS DÍAS 2 E 3 DE AGOSTO NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE ARTES

LOGO DE VER que Dna. Ana Sabela Abalo García, en representación da Asociación Verdegaiá, presenta escrito de data 17/04/2024, con número de rexistro de entrada municipal 9.528, solicitando:

*“ O uso dun pavillón do voso concello para os días **02 e 03 de agosto do 2024**. O uso deste pavillón está englobado dentro da realización dos **encontrinhos 2024** , uns encontros cicloturistas, que nesta edición nos levarán de Ribeira ate Coruña, combinando a ruta dos faro, con camiños costeiros. Dende estas asociacións fomentamos unha mobilidade sostible e outro xeito de facer turismo.*

Nestes encontros, precisamos para pernoctar o uso de pavillóns, cedidos ben polos concellos, ben por centros educativos ou calquera outra institución que nos ceda as súas instalacións. A organización comprométense a facer un bo uso das mesmas, así como a deixar o local nas mesmas condicións nas que o atopamos. Na organización hai responsables de abrir e pechar as instalacións, así como de que se coide o material, limpeza, recollida,... Ademais a organización deste evento dispón de seguro de responsabilidade civil e accidentes que lles faremos chegar se o precisan.

As bicicletas quedarían fora das instalacións e usaríamos o interior do pavillón para pernoctar e o uso dos aseos”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte: *“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.*
3. En caso de acceder ao solicitado, a estancia deste grupo no polideportivo municipal de Artes, non é incompatible, nin interfere co regular desenvolvemento do resto de actividades programadas.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014CDCA00D3D6D3Z6W4L5 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 19/07/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/07/2024 12:56:02</p>	<p>DOCUMENTO: 20241363402 Fecha: 19/07/2024 Hora: 12:55</p>
---	---	---



E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 15-07-24 favorable á mesma, así como a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 15/07/2024, con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Conceder autorización á Asociación Verdegaia, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para os días 2 e 3 de agosto de 2024 en horarios a determinar.
- O solicitante, deberá poñerse en contacto cos responsables do departamento de deportes, para coordinar a apertura das instalacións, nos días anteriormente sinalados.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

27.- AUTORIZACIÓN TRAVESÍA A NADO “PRAIA DE COROSO” AO CLUB NATACIÓN RIVEIRA

LOGO DE VER Dna. María Villar Loureiro, en representación do Club Natación Riveira, presenta escrito de data 12/04/2024, con número de rexistro de entrada municipal 9.127, solicitando autorización para celebrar a TRAVESÍA A NADO “PRAIA DE COROSO, o 15 de agosto de 2024 de 9.00h. a 14.00h.. Tamén solicitan:

- Apoio de Protección Civil con medios acuáticos.
- Ambulancia.
- Valado da zona.
- Megafonía.
- Podio.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.



3. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 15-07-24 favorable á mesma, así como a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 15/07/2024, con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Sexa autorizada a TRAVESÍA A NADO “PRAIA DE COROSO ao Club Natación Riveira cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **15 de agosto de 2024** ao longo mañá (9-14 horas).
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Dar traslado ao GAEM da celebración do evento (a colaboración deste corpo no desenvolvemento da actividade, será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- Ceder o seguinte material durante a celebración do evento: 10 vallas, 1 podio e 1 megafonía para o desenvolvemento da proba.
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que esta Alcaldía considere oportunas poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

28.- CONCESIÓN LICENZA PARA ARMAS TIPO CARABINA - Roi Gonzalo Paz Suárez

VISTA a solicitude presentada por **D. Roi Gonzalo Paz Suárez**, DNI 54055367P, e domicilio en Outeiro, 73 - Artes - Ribeira (A Coruña) para a obtención de **licenza de “arma tipo carabina”** das características que se relacionan a continuación.

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solícitase licenza no



presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2º**):

«1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4.ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4.ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen vecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

O seu validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4.ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na **categoría 4.ª, 1**, soamente poderanse documentar seis armas con **tarxetas A** cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

ACREDITADO que no expediente consta, ademáis da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 29 de abril de 2024, exame psicotécnico de data 10 de maio de 2024, así como factura da carabina para a que solicita licenza.



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por Delegación da Alcaldía, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Conceder a **D. Roi Gonzalo Paz Suárez**, licenza para a arma carabina, **tipo 4.2**, que se relaciona a continuación:

“Pistola SAIGO Yakuza MK2 AEP Negra lipo Calibre: 6 mm. Categoría 4.2 (Nº SERIE: SK2200459)”

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no **artigo 54.3 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

29.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO INSTALACIÓNS MUNICIPAIS – Estela Saa Villaverde (P.I.E.)

Visto o escrito presentado por Estela Saa Villaverde en representación do **Programa Integrado de Emprego do Concello de Ribeira (P.I.E.)**, de data 05/07/2024 (Registro de entrada nº 17.460), no que solicita autorización para a cesión de uso das instalación do Mercado Municipal (Piso 1º e 2º), desde o mes de maio ata setembro de 2025, para desenvolver os itinerarios formativos relacionados co sector da hostalaría e restauración asociados ao P.I.E. do Concello de Ribeira 2024-2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** deixar sobre a mesa para un maior estudo e poder coordinar as diferentes actividades que se realizarán nas citadas instalación ao longo do ano 2024 e 2025.

30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE PUNTO DE VENDA SOLIDARIO – Mercedes Crujeiras Paz

Visto o escrito presentado por **Mercedes Crujeiras Paz**, de data 03/07/2024 (Registro de entrada nº 17.270), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda solidario de produtos artesanais da Asociación Be Social Project, o día 31/08/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a instalación dun posto de venda solidario de produtos artesanais da Asociación Be Social Project, o día 31/08/2024.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado punto de venda solidario.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento



31.- SOLICITUDE INSTALACIÓN MESA INFORMATIVA – Ricardo Alberto Lozano Sánchez

Visto o escrito presentado por Ricardo Alberto Lozano Sánchez, de data 11/07/2024 (Rexistro de entrada nº 18.050), no que solicita autorización para a instalación dunha mesa informativa de carácter relixioso na Rúa de Galicia (Ribeira), o día 19/07/2024, en horario de 11:30 h. a 13:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a instalación dunha mesa informativa de carácter relixioso na Rúa de Galicia (Ribeira), o día 19/07/2024, en horario de 11:30 h. a 13:30 h.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

32.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Lois Alberte López García (COCOLUCHE)

Visto o escrito presentado por **Lois Alberte López García**, en representación da Asociación Empresarial de Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas, é do establecemento hostaleiro **Cocoluche**, de data 15/07/2024 (Rexistro de entrada nº 18.393), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 19, 20, 22 e 24/07/2024, co motivo da celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 19, 20, 22 e 24/07/2024, co motivo da celebración das Festas da Dorna.
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

33.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso (PEDRA PATEIRA)

VISTO o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso**, en representación do establecemento “Pedra Pateira” (Ribeira), de data 15/07/2024 (Rexistro de entrada nº 18.328), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 19/07/2024, en horario de 00:00 h. a 02:00 h.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención do concelleiro Fernando Abrales Pérez (art. 76 Lei 7/85 RBRL), **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Manuela Pérez Pouso, para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), o día 19/07/2024, en horario de 00:00 h. a 02:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Pedra Pateira” (Ribeira) (Manuela Pérez Pouso), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número**



de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

35.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Fernando Varela Rodríguez (CLANDESTINO)

Visto o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Clandestino**, de data 16/07/2024 (Rexistro de entrada nº 18.480), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 19/07/2024, co motivo da celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 19/07/2024, co motivo da celebración das Festas da Dorna.
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

36.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Sidi Radan Elia

Visto o escrito presentado por **Sidi Randan Elio**, de data 12/07/2024 (Rexistro de entrada nº 18.157), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18 ao 24/07/2024, co motivo da celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Non autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18 ao 24/07/2024, debido a que carece da correspondente licenza de actividade.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



37.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN COLOCACIÓN CARTELERÍA PUBLICITARIA FESTA DO PERCEBE DE AGUIÑO – Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño

Visto o escrito presentado por José Antonio Santamaría Sampedro en representación da **Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño**, de data 12/07/2024 (Rexistro de entrada nº 18.106), no que solicita autorización para colocación de cartelería publicitaria da Festa do Percebe nas rotondas de entrada ao concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a colocación de cartelería publicitaria da Festa do Percebe nas rotondas de entrada ao concello.
- Dar traslado deste acordó á Policía Local para o seu coñecemento

38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN EVENTO FESTIVO-DEPORTIVO EN CAMPO DEPORTIVO DAS CANTEIRAS - Freddy Edgar Luera Abad

Visto o escrito presentado por **Freddy Edgar Luera Abad** en representación da comunidade de residentes peruanos de Ribeira, de data 15/07/2024 (Rexistro de entrada nº 18.322), no que solicita autorización para a celebración dun evento festivo-deportivo no campo deportivo As Canteiras (14:00 h. a 21:00 h.), así como a cesión de uso de local para a realización de festa-baile (10:00h. a 02:00 h.), o día 27/07/2024, co motivo da celebración das Festas Patrias.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración dun evento festivo-deportivo no campo deportivo As Canteiras (14:00 h. a 21:00 h.), o día 27/07/2024, co motivo da celebración das Festas Patrias.
- **Non autorizar** a cesión de uso de local para a realización de festa-baile.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN RASTRILLO EN AGUIÑO - María Isabel Pereira Sendás

Visto o escrito presentado por **María Isabel Pereira Sendás**, de data 10/07/2024 (Rexistro de entrada nº 17.915), no que solicita autorización para a realización dun rastrillo polos vecinos da urbanización na “Horta de Ferrer”, os días 20 e 21/07/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a realización dun rastrillo na “Horta de Ferrer”, os días 20 e 21/07/2024.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

